

HISTORIAS DE MULLERES

A NENA DE CRISTAL



Había unha vez unha nena, chamada Lara, tiña 16 anos e era a primeira vez que os seus pais a deixaban saír ata a madrugada.

Ese día, quedou coas súas amigas na discoteca, ao estar bailando foi pedir unhas bebidas, e ao volver chocou cun mozo, e pensou “que guapo”!, ao chegar mollada a xunto as súas amigas, preguntáronlle: que che pasou?, e ela contestou: choquei cun mozo super guapo, tiñades que velo!.

Esa noite volvendo a súa casa viu que ese mozo era o seu veciño. Á mañá seguinte o mozo foi a darlle unha chaqueta que se olvidara Lara, ela tan atrevida e con todas as ganas díxolle con cara de vergoña “queres ser o meu mozo?” e el díxolle que si.

A primeira vez que quedaron foron a un restaurante elegantísimo, e ela foise super contenta para a súa casa, cando levaban 4 anos de relación, casaron e aí, as cousas cambiaron, non lle deixaba quedar coas súas amigas, compráballe el a roupa, (mais ben collía un saco de patacas e poñíallo por riba).

Un día pegoulle tan forte que lle deixou un moratón enorme, e ela pensou en acabar coa relación, pero cando dixo el deulle un vestido precioso, un ramo de rosas vermellas, e unha caixa de bombóns. Díxolle que el ía cambiar, pero ao final non cambiou, rosa tras rosa, ata que a acabou con ela.

Fernando Pérez Oujo

3º ESO